

Resolución definitiva dos centros públicos de ensino non universitario da Comunidade Autónoma de Galicia para participar no programa Picasso Mob de intercambio individual de alumnado en réxime de reciprocidade con alumnado matriculado en centros pertencentes á Région Académique de Bourgogne-Franche Comté (Francia) durante o curso 2023/2024.

Segundo os termos establecidos nos artigos 17 e 18 da Resolución do 17 de xullo de 2023, da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa pola que se convoca, con carácter experimental, a selección de centros e alumnado matriculado en centros públicos de ensino non universitario da Comunidade Autónoma de Galicia para participar no programa Picasso Mob de intercambio individual de alumnado en réxime de reciprocidade con alumnado matriculado en centros pertencentes á Région Académique de Bourgogne-Franche Comté (Francia) durante o curso 2023/2024, faise pública a resolución definitiva dos centros seleccionados e as súas correspondencias cos centros franceses.

Contra esta resolución, que non esgota a vía administrativa, as persoas afectadas poderán interpoñer recurso de alzada ante a persoa titular da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución no portal educativo, segundo o disposto nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou ben directamente o recurso contencioso administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela,

A presidenta da Comisión
Judith Fernández Novoa
Directora Xeral de Ordenación e Innovación Educativa



ANEXO I

PROGRAMA Picasso Mob 2023-2024
LISTAXE PROVISIONAL DE CENTROS ADMITIDOS E CORRESPONDENCIAS COS CENTROS FRANCESES

CÓDIGO	CENTRO	LOCALIDADE	PROVINCIA	PUNTUACIÓN	CENTRO	LOCALIDADE	DEPARTAMENTO
15027733	IES de Arzúa	Arzúa	A Coruña	1,25	Lycée Carnot	Dijon	Côte d'Or (21)
32016339	IES de Allariz	Allariz	Ourense	1,25	Lycée Carnot	Dijon	Côte d'Or (21)
36019475	IES de Rodeira	Cangas	Pontevedra	1,2	Lycée Louis Aragon	Héricourt	Haute Saône (70)
15021470	IES Canido	Ferrol	A Coruña	1	Lycée Louis Aragon	Héricourt	Haute Saône (70)
36019463	IES Johan Carballeira	Bueu	Pontevedra	1	Lycée Carnot	Dijon	Côte d'Or (21)

